

RECOMENDACIÓN PARA COMERCIANTES:

*COMO FACER DO TEU
COMERCIO, UN
COMERCIO ACCESIBLE*

RECOMENDACIÓN PARA COMERCIANTES: COMO FACER DO TEU COMERCIO, UN COMERCIO ACCESIBLE



QUE QUERE DICIR COMERCIO ACCESIBLE?

Un comercio accesible é aquel que conta coas **medidas de accesibilidade cognitiva** necesarias, para que as persoas con TEA podan acceder e facer uso do mesmo, independentemente das súas características.

Medidas de accesibilidade cognitiva: *son os requisitos que debe cumprir a información que nos ofrece a contorna para que as persoas con dificultades de comprensión poidan comunicarse de forma óptima co mesmo.*



TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO


O Trastorno do Espectro do Autismo, é un conxunto de trastornos do desenvolvemento. Aínda que as manifestacións clínicas das persoas con TEA, son moi variadas na súa capacidade intelectual e as habilidades lingüísticas, todas elas presentan unha serie de **características comúns en dúas áreas principalmente: a comunicación e interacción social e a flexibilidade de comportamento e de pensamento.**

Estas características, dificultan ás persoas con TEA o acceso e a integración da información que provén da contorna, e por conseguinte, o uso autónomo do comercio.



QUE QUEREMOS CONSEGUIR?

Tendo en conta as características das persoas con TEA, e as necesidades dos comercios en canto ao establecemento de medidas de accesibilidade cognitiva, o **obxectivo destas recomendacións** é facilitar ás persoas con TEA o acceso, uso, desprazamento e comprensión da información dos comercios, e facer destes, comercios inclusivos e accesibles para todas as persoas.



RECOMENDACIÓN PARA MELLORAR A ACCESIBILIDADE COGNITIVA DOS COMERCIOS, ÁS PERSOAS CON TEA


O uso de pictogramas para a sinalización require dunha especialización na súa creación. Se queres facer o teu comercio accesible, ponte en contacto co nós.



- Sinaliza o teu comercio. Se na porta do teu comercio indicas cun apoio visual, como un pictograma, que vendes no teu comercio, para a persoa con TEA será moito máis fácil atopalo e identificalo.



- Distribúe os produtos dun xeito ordenado. Se cando entras no comercio, os produtos están ordenados por categorías, tamaños ou cores, será máis fácil para as persoas atopar o produto que buscan. Para isto, podes sinalizar os produtos con apoios visuais, como pictogramas.





- Evita cambios na distribución dos produtos. Se unha persoa con TEA é cliente habitual do teu comercio será moito máis fácil que a persoa atope o que busca, se os produtos permanecen sempre no mesmo lugar.

- Utiliza pictogramas. Se queres axudar a que as persoas con TEA atopen facilmente o que buscan, utiliza apoios visuais claros, como son os pictogramas.



LÁCTEOS



- Para sinalizar, utiliza un material mate. As persoas con TEA, son moi sensible aos estímulos sensoriais, polo que é conveniente que o material dos apoios visuais non reflecte.




- Utiliza lectura fácil nos teus carteis. Se queres axudar ás persoas con TEA a comprender mellor a información que proporcionas no teu comercio, utiliza unha linguaxe clara, directa e sinxela.



Recolla o tícket e permanece sentado no banco ata que chegue a súa quenda. Grazas.



- A letra dos carteis debe ser facilmente lexible. É importante que a información que proporcionas no teu local, sexa fácil de comprender, pero tamén fácil de ler.



- Pon os carteis á altura adecuada, á altura dos ollos das persoas. Se poñes os carteis moi altos ou moi baixos, non están á vista das persoas, polo que será máis difícil acceder á información.



- Dispón de mobiliario transparente. Que a persoa pode ver todas as opcións vendo o que hai no mostrador, facilitará a decisión a hora de elixir un produto.



COMO PODES EVITAR UNA SOBREENSTIMULACIÓN SENSORIAL?




Moitas persoas con autismo teñen hipersensibilidade, captando os estímulos luminosos ou auditivos dunha maneira moito máis sensible, producindo neles dor ou malestar. Polo contrario, outras persoas poden ter hiposensibilidade, a súa capacidade de percibir algúns estímulos é menor.

A sobreestimulación sensorial nunha persoa prodúcese cando hai unha gran cantidade de estímulos externos ou internos, producindo isto unha mala integración da información que procede da súa contorna.



- Elimina o ruído ou a música de fondo. No teu comercio, podes ter música posta, pero non é necesario que “soe a todo volume”.

- Dispón dunha boa iluminación. A mellor opción é dispoñer de luz natural no comercio. Senón, intenta que a luz sexa o máis natural posible, evitando luces azuis, amarelas ou un ambiente escuro.



- Coida a climatización do teu local. Intenta ter unha temperatura adecuada, nin moito frío nin moito calor.



Se queres coñecer máis sobre o noso proxecto,
ponte en contacto con nós a través do correo electrónico:
infor@autismogalicia.org

Ou visita a páxina web: acesibilidad.autismogalicia.org

Autor pictogramas: Sergio Palao Procedencia: ARASAAC (<http://arasaac.org>) Licencia: CC (BY-NC-SA) Propiedad: Gobierno de Aragón.



SEDE SOCIAL

Rúa Home Santo de Bonaval,74

CENTRO DE RECURSOS

Rúa Rodríguez de Viguri, 35
15703 Santiago de Compostela

T. 981 589 365

info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org

